



European Trade Union
INITIATIVE
For Justice In Palestine

Iniciativa Sindical Europea pola Xusticia en Palestina

Convite a participar

Segundo Seminario Sindical - Xustiza para Palestina! Rematar coa complicidade europea nas violacións de Israel dos dereitos dos traballadores e traballadoras palestinos

BARCELONA - 18 e 19 de MAIO de 2018.

Queridos/as compañeiros/as,

Como sindicalistas europeos estamos alarmados de que, a pesar da clara inxustiza que se está a cometer co pobo de Palestina, e de xeito moi especial neste intre, no que un total de 34 palestinos/as foron asasinados/as e máis de 1600 feridos/as polos soldados israelíes durante 10 días de protestas na fronteira de Gaza con Israel, dacordo co Ministerio de Saúde de Gaza, os estados europeos, a Unión Europea (UE) e as institucións que as representan, non deron cumprimento ao seu deber legal de responsabilizar a Israel polas súas graves violacións do dereito internacional. O feito de que a comunidade internacional non tomara medidas para garantir que Israel cumpra co dereito internacional permitiu que Israel continúe os seus innumerábeis ataques contra civís de Palestina, incluídos os recentes asasinatos de palestinos/as en Gaza, que Human Rights Watch calificou de "ilícitos", "calculados", e feitos "con total impunidade".

Se ben a UE critica algúns aspectos das políticas de Israel, continúa brindándolle apoio político, económico e militar. Cremos que como sindicalistas e cidadáns conscientes deste mundo, temos o deber e a capacidade de actuar. Cremos que vai sendo hora de solidarizarnos colectivamente co movemento laboral palestino, desenvolver estratexias para responsabilizar aos nosos gobernos e á UE as institucións que nos representan, e presionar ás empresas para que poñan fin á súa complicidade coas violacións israelíes dos dereitos da clase traballadora palestina.

Polo tanto, convidámoste a participar no Segundo Seminario Sindical: ¡Xusticia para Palestina! Rematar coa complicidade europea nas violacións de Israel dos dereitos da

clase traballadora palestina, que terán lugar en BARCELONA, os días 18 e 19 de MAIO de 2018.

Durante o seminario de dous días, afrontaranse os seguintes temas:

- **Destacar a complicidade** da Unión Europea, os gobernos e as empresas europeas na ocupación de Palestina e as formas en que está socavando o traballo decente e violando os dereitos dos traballadores e traballadoras palestinos;
- **Discutir** unha estratexia común de campaña para o traballo decente dos traballadores e traballadoras palestinos, poñendo fin á complicidade europea e procedendo á suspensión do Acordo de Asociación UE-Israel;
- Ver pasos **concretos** para **afortalar** os vínculos entre o movemento sindical europeo e palestino;
- **Debater e compartir** as formas en que os sindicatos podemos facer unha campaña eficaz para presionar á Unión Europea, os gobernos, as institucións e as empresas, para que poñan fin ao seu apoio ás violacións israelís dos dereitos da clase traballadora de Palestina, dos dereitos humanos e do dereito internacional;
- **Explorar as posibilidades de coordinación e traballo** conxunto entre os sindicatos e os/as activistas sindicais en toda Europa.

A Rede Sindical Europea para a Xusticia en Palestina é unha plataforma de 35 organizacións sindicais europeas que representan a máis de 3 millóns de traballadores/as. Podes consultar a lista actualizada membros [aquí](#).

Agardamos que poidas estar presente e participar neste seminario. Os idiomas de traballo do seminario son [IN](#), [FR](#), [AR](#), [ES](#), [CA](#). Aquí podes ler o programa en [IN](#), [ES](#), [CA](#) e [FR](#).

Para rexistrarse, completa este formulario <http://bit.ly/2H5hNQi> antes do 11 de maio.

O prezo por incrición é de 50 EUR, e cobrarase na mesa de rexistro o 18 de maio. Se desexas obter máis información sobre a nosa iniciativa, visita a nosa páxina web e le o informe en [IN](#) e [FR](#) do noso seminario anterior. Para ver o noso breve video, fai clic [aquí](#).

Grazas,

Atentamente

Iniciativa Sindical Europea pola Xusticia en Palestina
Comité Directivo
<http://www.etun-palestine.org/>